

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA  
CORPORACIÓN MUNICIPAL EN PLENO DESTE CONCELLO O DÍA  
TRINTA DE XANEIRO DE DOUS MIL DOCE: - - - - -**

- - - - - =====

**PRESIDENTA:**

D<sup>a</sup> Catalina González Bea

**CONCELLEIROS/AS:**

- D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Paz Lago Martínez
- D. Salvador Durán Bermúdez
- D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Isabel González Domínguez
- D. Marcos Guisasola Padín
- D<sup>a</sup> María Deza Martínez
- D. Constantino Sanmartín Quiñones
- D<sup>a</sup> Almudena Aguín Fernández
- D. Gonzalo Gonzalo Pita
- D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Cruz Barbeito Barreiro
- D. Francisco Villaverde Otero
- D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Dulcinea Aguín Pombo
- D. José Buezas Méndez
- D<sup>a</sup> Vanesa Rodríguez Maneiro
- D. David Otero Domínguez
- D<sup>a</sup> Sandra Fernández Agraso
- D. José-Luis Rodríguez Lorenzo

**INTERVENTOR:**

D. José-Juan Vidal Vilanova

**SECRETARIO :**

D. Ángel Luís López Pita.

=====

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de Sanxenxo, sendo as vinte horas e cincuenta e cinco minutos do día trinta de xaneiro de dous mil doce, **baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa D<sup>a</sup>. CATALINA GONZÁLEZ BEA**, reuníronse os/as Sres/as. Concelleiros/as que ao marxe se relacionan co fin de celebrar a sesión ordinaria da Corporación Municipal en Pleno deste Concello, convocada para o día de hoxe en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión.-----

-----  
-----  
-----  
-----  
-----  
-----  
-----  
-----

## A) PARTE DISPOSITIVA

**1º) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS REALIZADAS OS DÍAS 26 DE NOVIEMBRE E 1 DE DECEMBRO DE 2011.** Pola **Sra. Presidenta** pregúntaselle aos asistentes á sesión se teñen que formular algunha observación ás actas que se someten a aprobación.

Ao non se formular ningunha observación, **apróbanse as referenciadas actas por unanimidade.**-----

**2º) PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA INCLUSIÓN NO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS DAS PARCELAS NAS QUE SE ATOPA A EDIFICACIÓN COÑECIDA COMO “CASA DE D. FERNANDO”.** O **Sr. Secretario** dá conta do ditame favorable da Comisión de Estudo, Informe ou Consulta de Asuntos Xerais de 26 de xaneiro de 2012 sobre esta proposta.

O **Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal Sanxenxo Agrupación Liberal**, sinalou que votarían a favor do expediente, pero estranouse da coincidencia de incluír no inventario esta parcela, que é propiedade do Concello dende o ano 2006, no momento actual, talvez para evitar que sexa embargada, non crendo a escusa posta pola **Sra. Alcaldesa** de que era para ir preparando futuros convenios.

A **Sra. Aguín Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, especificou que esta intervención era común para este punto da orde do día e para o seguinte, pronunciándose a favor das propostas e avogando para que, dunha vez por todas, se aprobe un novo inventario municipal de bens.

O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, apoiou a proposta a pesar da demora dende a adquisición dun ben que estaba incluído nun polígono de actuación integral e que tamén necesita o trámite da catalogación patrimonial. En canto á necesidade do novo inventario, recordou que xa se intentou facer un que non se aprobou e que costou mais de 70.000 euros. Por último o interviniente fixo referencia a opción que no seu día se deu para que nesta finca se puidese situar un parque soterrado, coa que se atopaba en contra. Neste momento a **Sra. Alcaldesa** solicitoulle ao interviniente que dixera expresamente a quen se refería cando falou da posibilidade da construción dun parque soterrado, xa que ela sempre manifestouse a favor da conservación desta propiedade. O **Sr. Otero Domínguez** precisou que aludía a **D. Telmo Martín González**.

Ao non producirse mais intervencións a **Sra. Presidenta** someteu a proposta a votación na que, **por unanimidade, resultou aprobada, adoptándose o seguinte acordo:**

“”””**APROBAR a inclusión no inventario municipal de bens das seguintes propiedades como bens de dominio público (servizo público) para destinalas a equipamento dotacional:**

**1.- Parcela de 824.- m2 que linda Norte, Este e Oeste, camiños públicos; e Sur estrada de Portonovo á Vichona (actualmente rúa de a Marina), por onde a casa ten a entrada principal.**

**Nesta parcela atópase a edificación e unha zona destinada a xardíns.**

**2.- Solar amurallado de 238.- m2 dedicado a xardín, que linda Norte, Este e Oeste, camiños públicos; e Sur, D. Juan Fontán. ”””””-----**

**3º) PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA INCLUSIÓN NO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS DA PARCELA NA QUE SE ATOPA O “PAZO DE QUINTÁNS”. O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da Comisión de Estudo, Informe ou Consulta de Asuntos Xerais de 26 de xaneiro de 2012 sobre esta proposta.**

**O Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal Sanxenxo Agrupación Liberal, sinalou que nesta propiedade está proxectado un investimento da Deputación que espera que non quede enriba da mesa e se leve a cabo, se pode ser, nesta lexislatura.**

**A Sra. Aguín Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, reiterouse no indicado no punto anterior da orde do día.**

**O Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, logo de expresar o seu voto favorable, fixo alusión a que no Pazo de Quintáns non houbo o mais mínimo interese por realizar obras de mantemento que evitaran o deterioro tan terrible que ten na actualidade. Por último aludiu a que non sabía se se ía continuar con esta opción de ir inventariando un por un os distintos bens municipais.**

**Ao non producirse mais intervencións a Sra. Presidenta someteu a proposta a votación na que, por unanimidade, resultou aprobada, adoptándose o seguinte acordo :**

**“”””” APROBAR a inclusión no inventario municipal de bens da seguinte propiedade como ben de dominio público afecto ao servizo público de equipamento social e cultural:**

**- Parcela de 9.034.- m2 que linda ó Sur coa a estrada de A Lanzada e coa finca de Dª Carmen Estévez Dadín; Norte, D. Manuel Vidal Torres, camiño de carro que conduce a la Talla e D. Manuel Blanco; Este, camiño público; e Oeste, finca de Carmen Estévez Dadín e camiños de carro en medio.**

**Nesta parcela atópase a casa denominada “Quintanes” que é o “Pazo de Quintans”””””-----**

## **B) ACTIVIDADE DO CONTROL DO PLENO:**

**4º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS DENDE O 22 DE NOVEMBRO AO 29 DE DECEMBRO DE 2011 (DE RES. Nº 1435/11 Á Nº 1603/11).** A Sra. **Presidenta** expón que no expediente estiveron á disposición dos/as concelleiros/as as Resolucións da Alcaldía ditadas dende o 22 de novembro ao 29 de decembro de 2011, dando cumprimento ao disposto no artigo 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais. Pregunta se se quere algunha aclaración. Non se formula ningunha.

A Corporación deuse por enterada.-----

## **MOCIÓNS:**

**5º) MOCIÓN DA ALCALDÍA PARA APROBAR O CONVENIO COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A RECUPERACIÓN PATRIMONIAL DO “PAZO DE QUINTÁNS” E A POSTERIOR CESIÓN DE USO DESTE INMOBLE AO ORGANISMO PROVINCIAL.** Pola Sra. **Alcaldesa**, deuse lectura á moción que literalmente se transcribe:

“”””A efectos de conseguir recuperar o **Pazo de Quintáns** co obxectivo de que se poidan realizar nel as actividades sociais, culturais e formativas para os que o citado inmoble sería o marco adecuado é polo que dende o concello se estivo a xestionar ante a Deputación Provincial a posibilidade de cooperar na recuperación do citado ben e a súa posterior entrada en funcionamento.

Froito destas xestións é o convenio que se acompaña adxunto á presente moción e que, coa finalidade citada anteriormente, determina as obrigas que teñen os dous organismos. O punto básico é ceder gratuitamente o uso do Pazo de Quintáns á Deputación Provincial para que este organismo realice actividades sociais, culturais e formativas as que tamén podería acceder o concello.

Para cumprir esta finalidade é necesario tramitar os correspondentes expedientes de alteración da cualificación xurídica do ben e de cesión, que como consecuencia da súa tramitación, van a tardar algúns meses en facerse efectivos. Dado que a execución da obra e algo necesario pola situación actual do inmoble é polo que se pretende poñelo a disposición da Deputación Provincial, con carácter inmediato, a efectos de que este organismo execute a obra mentres o concello tramita os expedientes anteriormente citados, poñéndose no convenio unha cláusula de salvagarda para a inversión da Deputación Provincial no hipotético suposto de que finalmente a cesión de uso non se puidera levar a cabo e o concello se quedara coa propiedade integral do ben xa rehabilitado.

A presentación desta moción pola vía de urxencia se debe a que a Deputación Provincial de Pontevedra remitiu o convenio, vía correo electrónico, o día 26 de xaneiro de 2012 cando xa pasaron as datas de celebración das comisións onde se trataron os asuntos do pleno ordinario do 30 de xaneiro de 2012.

Ante o evidente interese que para o concello teñen as actuacións descritas no convenio é polo

que propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º) **Aprobar o convenio de colaboración**, que se adxunta a esta proposta, **entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Sanxenxo** para a **recuperación patrimonial do Pazo de Quintáns e a posterior cesión de uso deste inmovible ao organismo provincial**, facendo constar que unha vez concedida polo Concello de Sanxenxo a licenza á Deputación Provincial para a recuperación patrimonial do Pazo de Quintáns deberá incorporarse como addenda ao presente convenio, que terá que aprobarse polo Pleno do concello, o presuposto de execución da obra que figurará no proxecto obxecto da licenza.

2º) Facultar á Sra. Alcaldesa para a sinatura do convenio ao que se fai referencia no punto primeiro desta moción. ”””””

A **Sra. Alcaldesa**, en xustificación da urxencia, dixo que a Deputación Provincial de Pontevedra remitiu o convenio, vía correo electrónico, o día 26 de xaneiro de 2012 cando xa pasaron as datas de celebración das comisións onde se trataron os asuntos deste pleno ordinario.

A continuación a **Sra. Presidenta** someteu a **votación a declaración da urxencia da moción, que foi aprobada por unanimidade.**

A **Sra. Alcaldesa** indicou que se trataba dun convenio para facilitar a restauración do Pazo de Quintáns e o seu uso pola Deputación Provincial de Pontevedra, lendo a continuación algunha das súas cláusulas.

O **Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal Sanxenxo Agrupación Liberal**, dixo estar de acordo coa recuperación do Pazo, pero non lle gustou a forma de facer as cousas, xa que a documentación se lles facilitou á entrada desta sesión, engadindo que asuntos como este hai que tratalos antes en comisión.

A **Sra. Aguíñ Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, calificou o convenio como ambiguo, xa que non sabe o que se vai acabar facendo, aínda que considera a obra necesaria e mais nun concello turístico como este. No convenio non se indica o tipo de obra a executar, o seu custo e as actividades para as que se usará o Pazo, polo que entende que sería mellor un convenio con unha tramitación máis lenta pero segura, o que os veciños entenderían, polo que considera que debía retirar o asunto da orde do día e traelo ao vindeiro pleno máis perfilado e aclaradas as cuestións as que fixo referencia, se non é así, pola ambigüidade do convenio, absteríanse.

O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, estrañouse de que este asunto se presentase vía moción da **Sra. Alcaldesa** e non do Grupo Popular e que contase con informe xurídico e de intervención, o que consideraba un luxo para unha moción. Aludiu a que non entendía adecuado que este tema viñese por urxencia e sen incluír na orde do día da sesión e recordou que o Pazo de Quintáns foi mencionado, en xuño de 2010, polo Presidente da Deputación como futura sede da escola de hostalaría, utilizando ao Concello de Sanxenxo para cumprir obxectivos políticos nun momento de conflito co veciño Concello de O Grove, o que considera un uso partidista das institucións, propoñendo que este asunto se leve a comisión e, de novo, a pleno.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, dixo que votaría a favor da moción posto que sen a inversión da Deputación, seguramente, non se podería facer a obra de rehabilitación. Engadiu que interesa actuar canto antes, mesmo entendendo o prazo de vinte anos como razoable e precisando que o Concello de Sanxenxo, na futura utilización do Pazo, vai ter voz e voto.

A **Sra. Aguíñ Pombo** pronunciouse por facer xestións antes que realizar unha cesión que pon en mans da Deputación este inmovible por vinte anos, posto que, na actualidade, hai moitos fondos europeos dedicados a este tipo de recuperacións patrimoniais e destacou que esta actuación pode que sexa unha competencia ás moitas persoas que neste concello viven da hostalaría.

O **Sr. Otero Domínguez** cuestionou as negociacións que para este asunto entablaron o Concello de Sanxenxo e a Deputación Provincial dende a óptica municipal, posto que este organismo non comprou o Pazo e, agora, pasa a obter o seu uso. O interviniente pide que a Deputación realice un desembolso sen obter nada a cambio e sen cesións, como fixo noutros concellos. Por último indicou o seu rexeitamento as negociacións unilaterais nas que o concello se prega aos intereses dun partido e pediu que este asunto se trouxese a pleno de xeito correcto e aclarándose o que se vai facer no inmovible.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo** sinalou que non vota nada que non sexa de forma correcta, outra cousa é que aos distintos concelleiros lles guste ou non.

A **Sra. Alcaldesa** dixo que, en realidade, só había dúas posturas neste punto, os que querían que se restaurase o Pazo de Quintáns e os que non e que o convenio conta cos informes favorables de Secretaría e de Intervención, realizados con celeridade unha vez recibida a proposta da Deputación. Precisou que a actuación será a cargo de fondos europeos e o seu uso vai ser para formar persoal de hostalaría, cun espazo para recordar as salinas de Noalla, aparte doutras actividades. En canto ao proxecto construtivo, o aprobará o concello e ese será o momento de pronunciarse sobre el, motivos os anteriores en base aos que non retira a moción. Por último indicou que a negociación do convenio fíxose durante meses e agora, tan só, estaban en discusión aspectos técnicos.

Rematado o debate a **Sra. Presidenta** someteu a moción a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: **9 (Grupo municipal do Partido Popular e Grupo Municipal Mixto).**

Votos en contra: **0**

Votos pola Abstención: **8 (Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego).**

En consecuencia, o **Pleno da Corporación Municipal**, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, adoptou o seguinte acordo:

1º) **Aprobar o convenio de colaboración**, que se adxunta a esta proposta, **entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Sanxenxo para a recuperación patrimonial do Pazo de Quintáns e a posterior cesión de uso**

**deste inmovible ao organismo provincial**, facendo constar que unha vez concedida polo Concello de Sanxenxo a licenza á Deputación Provincial para a recuperación patrimonial do Pazo de Quintáns deberá incorporarse como addenda ao presente convenio, que terá que aprobarse polo Pleno do concello, o presuposto de execución da obra que figurará no proxecto obxecto da licenza.

2º) Facultar á **Sra. Alcaldesa** para a sinatura do convenio ao que se fai referencia no punto primeiro desta moción.-----

**6º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO PARA QUE SE REALICE UNHA AUDITORÍA INTERNA OU EXTERNA SOBRE O CUMPRIMENTO DO CONTRATO POR PARTE DA CONCESIONARIA “ESPINA & DELFIN, S.L.” (R. DE ENTRADA NÚM. 146 DO 11 DE XANEIRO DE 2012).** Pola **voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, Sra. Aguín Pombo**, deuse lectura á moción que literalmente se transcribe:

“”””O Grupo Municipal Socialista (Psde G-PSOE) no Concello de Sanxenxo a través da súa voceira Dulcinea Aguín Pombo e ó abeiro do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 2568/1986)) presenta ante o Pleno da Corporación Municipal a seguinte **MOCIÓN**:

Na actualidade a empresa Espina e Delfín, S.L. é a actual empresa concesionaria de servizos de abastecemento de auga potable a domicilio, saneamento e depuración de augas residuais, segundo o contrato a 31 de Marzo de 1995 e con efectos dende o 1 de xaneiro de 1995 ata 31 de Decembro de 2009.

En Xullo de 2006 firmase un contrato de prórroga da actual concesionaria dos servizos de abastecemento de auga potable a domicilio, saneamento e depuración de augas residuais.

No contrato de prórroga figuran os seguintes puntos da orde do día:

“8. A empresa concesionaria oferta unha cantidade de 3.200.000 € ao seu risco e ventura sen ningún dereito de reversión nin retorno ou evento ou condición pasada presente ou futura de calquera xénero.

9. En todo caso a empresa concesionaria estaría disposta a entregar unha cantidade de ata 4.600.000 € e de acordo a unha escala que se uniría como anexa ao presente contrato en consideración ao alto volumen de crecemento esperado no número de abonados.

10. As mencionadas cantidades aplicaríanse a efectuar as obras ou investimentos que establece a administración, segundo proxectos por ela comprobados, e na versión de prezos de execución por contrata, no marco das finalidades aprobadas polo Pleno da Corporación con ocasión dos orzamentos desta anualidade, e ás bases de execución do ornamento.

11. O prazo de execución sería como máximo, de vintecatro meses, a contar dende a súa supervisión dos proxectos por parte da Administración.

12. Para o caso de que a Administración faga uso da oferta establecida pola empresa concesionaria na cláusula 9ª, o período de revisión sería o trienio 2007, 2008 e 2009 tomando como promedio o establecido nas bases que se unen como anexo ao presente”.

Consideramos que este contrato é de sumo interés para todos os veciños de Sanxenxo, porque repercute nas arcas municipais, na actualidade moi debilitadas.

Por todo elo, solicitamos ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte **ACORDO:**

1. Que se realice unha auditoría interna ou externa dónde refluxe o grado de cumprimento do contrato de Espina e Delfín, que conste as entregas feitas ata a data, un resumen nominativo de todas as altas de abonados, en comparativa coa escala adxunta ao contrato.

2. Que a mencionada auditoría sexa fiscalizada Interventor Xeral do Concello de Sanxenxo.

3. A entrega de toda a documentación que se faga antes do vindeiro pleno ordinario que se celebrará no mes de Marzo. """"

A **Sra. Aguíñ Pombo** xustificou a urxencia pola necesidade de verificar o cumprimento do contrato pola empresa concesionaria e comprobar se ten que achegar mais diñeiro á vista das altas do servizo, engadindo que, dende que o Grupo Socialista se interesou por este asunto, se activaron as actuacións.

A continuación a **Sra. Presidenta someteu a votación a declaración da urxencia da moción, que foi aprobada por unanimidade.**

A **Sra. Aguíñ Pombo**, remitiuse ao exposto na moción e na intervención xustificatoria da urxencia.

A **Sra. Deza Martínez, voceira do Grupo Municipal do Partido Popular**, anunciou o voto en contra posto que a documentación consta no concello auditada polo **Sr. Interventor**, precisando que “Espina & Delfín, S.L.” aportou catro millóns seiscientos mil euros, parte en facturas e parte en obras, información que se pode solicitar.

A **Sra. Aguíñ Pombo** entrevistou para sinalar que antes da sesión estivo co **Sr. Interventor** para coñecer a situación e que, posteriormente, se empezou a actuar polo concello e agora espera que se lles de traslado de todo o que se realice neste asunto.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, concelleiro do Grupo Municipal Mixto**, reprochou a alusión que se fai a auditoría interna ou externa, posto que parece un intento de manchar a actuación municipal, cando este traballo o vai a facer o Interventor e o que ten que realizarse a súa vez e un control desta actuación para que, efectivamente, se execute o traballo.

O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, indicou que do manifestado presume a existencia dun conflito e recordou que xa o propio Interventor, nas contas municipais, facía constar que se tiña que verificar o cumprimento do contrato de concesión.

A **Sra. Aguíñ Pombo** sinalou que o termo auditoría é moi amplo e o que os técnicos teñen que facer é un seguimento dos contratos en vigor, se non se coñecían os datos era porque os técnicos non realizaron ese labor e porque non había vontade política, sendo



necesarias ás actuacións descritas na moción para saber se a concesionaria ten que aportar mais cartos ao concello.

Neste intre o **Sr. Interventor** toma a palabra para avogar polo respecto a dignidade dos funcionarios e que non os utilicen nos debates políticos.

A **Sra. Alcaldesa** manifestou que xa se estaban a realizar a auditoría internamente e coa fiscalización do interventor.

Rematado o debate a **Sra. Presidenta** someteu a **moción a votación**, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a **favor: 3 (Grupo municipal Socialista de Sanxenxo).**

Votos en **contra: 9 (Grupo municipal do Partido Popular e Grupo Municipal Mixto)**

Votos pola **Abstención: 5 (Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal e Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego).**

En consecuencia non resultou aprobada a moción anteriormente transcrita.-----

**7º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO PARA QUE SE ARRANXEN AS DEFICIENCIAS NAS PRAIAS DO CONCELLO (R. DE ENTRADA NÚM. 501 DO 30 DE XANEIRO DE 2012).** Polo concelleiro do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, **Sr. Buezas Méndez**, deuse lectura á moción, sen o detalle das deficiencias, que literalmente se transcribe:

“”””O Grupo Municipal Socialista (Psde G-PSOE) no Concello de Sanxenxo a través da súa voceira Dulcinea Aguín Pombo e ó abeiro do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 2568/1986)) presenta ante o Pleno da Corporación Municipal a seguinte **MOCIÓN:**

Fai dous anos que presentamos unha moción que incluía un informe completo que contiña todas as deficiencias que teñen todos os arenais do Concello de Sanxenxo. Se ben é certo que algunhas deficiencias se subsanaron tamén é certo que nin a chegada do verán nin o remate da tempada estival subsanáronse a maioría delas e cremos que son deficiencias facilmente subsanables con vontade e nas que tampouco fan falla moitos recursos para subsanalas.

Por outro lado non podemos esquecernos que un número importante de turistas nos visitan pola calidade das nosas praias e iso conleva que ano tras ano teñamos que melloralas.

(Adxuntamos as deficiencias e fotografías de cada unha delas, nun informe elaborado durante a semana pasada que contén 30 follas).

Noso interés é que as nosas praias estén nas mellores condicións posibles e presten os maiores servizos.

Por todo elo, solicitamos ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte

**ACORDO:**

1. Que se leve a cabo a subsanación das deficiencias detectadas nas diferentes praias do Concello coa finalidade de que nosas praias estén nas mellores condicións posibles e gocen dos mellores servizos.

**a) PRAIA DE PEDRA ALTA:**

Este areal atópase no lugar da Granxa de Abaixo (Dorrón) e tamén pertence ao Concello de Poio.

\* Todas las rampas de acceso a praia carecen de varandas, algo que non ocorre na zona de Poio.

\* Na praia podemos atopar grandes aglomeracións de pedras, que en lugares non deixan ver a area.

\* Carece de panel informativo, baños públicos e papeleiras.

\* As duchas son más propias dunha casa que dun servizo público.

\* No paseo podemos atopar unhas escaleiras que baixan as rochas, sen ningún sistema de seguridade.

Achegamos 5 fotografías.

**b) PRAIA DE SANTA MARIÑA:**

Situada no lugar da Granxa de Abaixo en Dorrón, unha preciosa cala que parece solo ser coñecida polos veciños do lugar, xa que non hai ningunha mostra de que o Concello de Sanxenxo teña constancia da súa existencia.

\* Para acceder a esta praia faise mediante un paseo que bordea a antiga fábrica de conservas, está moi deteriorado, non ten ningunha protección e no su ultimo tramo non ten rampa de acceso ao areal, hai que saltar varias rochas.

\* O que máis chama a atención e atopar un vertedoiro de lixo así como o grave perigo de derrumbe dos muros que lindan co areal.

\* Gran cantidade de pedras.

\* Esta praia carece de todo tipo de sevizo; panel informativo, papeleiras, baños públicos, duchas así como de cartel indicativo.

Achegamos 4 fotografías.

**c) PRAIA DE PAMPAIDO:**

Situada no lugar da Granxa, en Dorrón.

\* A zona do aparcamento está chea de baches e de lama, en lugares é imposible aparcar.

\* O acceso á praia atópase moi deteriorado e falla un tramo de varanda.

\* Como xa denunciámos en outras ocasións existe unha plataforma para a colocación das duchas, esta plataforma ubícase nun lugar de difícil acceso e sen medidas de seguridade.

\* Carece de panel informativo, baños públicos e papeleiras.

Achegamos 4 fotografías.

#### **D) PRAIA DE AREA DE AGRA:**

Situada no lugar dos Cotos, en Dorrón.

\* O acceso atópase moi deteriorado e casi inexistente no tramo final, tamén cabe destacar que está cheo de maleza.

\* Como xa denunciámos anos atrás esta praia conta con conexión de auga pero non con servizo de duchas.

\* As canas que rodean esta praia apodéranse de gran parte da superficie da area, así como restos de poda de maleza e das mesmas canas que permanecen tiradas sobre o areal.

\* Carece de panel informativo, baños públicos e de papeleiras.

Achegamos 5 fotografías.

#### **E) PRAIA DE AREAS:**

Esta praia sitúase entre ás parroquias de Dorrón e Bordóns.

\* A zona do aparcamento presenta unhas condicións lamentables, as raíces das árbores teñen o firme levantado e en sitios é imposible aparcar, moitas das xardineiras das árbores están rotas e tiradas no chan.

\* Tamén no aparcamento atopamos os baños públicos, pero concretamente os de minusválidos teñen a porta forzada e aberta, dentro pódese apreciar unha gran cantidade de suciedade impropia duns servizos.

\* O río que atravesa a praia atópase de maleza o que produce que se acumule suciedade e por lugares desprendan un forte cheiro desagradable.

\* Pódese apreciar suciedade en diferentes puntos da zona dunar.

\* O que máis pode chamar a atención e ver como sobre o areal atópanse os cables de onde no verán colócase o kiosco sen ningún tipo de protección o alcance de calquera persoa que por alí pase.

\* Cabe destacar o cambio de lugarda pasarela de madeira como dende o PsdeG-PSOE de Sanxenxo xa demandáramos.

Achegamos 9 fotografías.

#### **F) PRAIA DE NANÍN:**

Situada na parroquia de Bordóns, ano a ano vaise gañando o recoñecemento a bandeira vermella que raro é o ano que aquí non ondea.

\* Quizás o maior problema desta praia sexan os vertidos que chegan o mar por diferentes puntos, maioritariamente polo río central.

\* O acceso principal a este areal atópase nun estado lamentable, por sitios o firme é inexistente, está cheo de socavóns.

\* O acceso a pé que situase na zona máis oeste da praia, atópase en perigo de

derrubarse, completamente no aire, debido a uns desprendementos de terra, este acceso non conta con medidas de protección e falta o último tramo porque xa rompeu pola forza do mar.

- \* Gran acumulación de pedras no areal.

- \* Carece de panel informativo, baños públicos e papeleiras.

Achegamos 9 fotografías.

#### **G) PRAIA DE BARREIROS:**

Situada na entrada de Sanxenxo, no lugar de Palacios.

- \* Para acceder a esta praia faise a través dun camiño que non ten saída e non ten cartel que o sinalice como tal.

- \* O acceso directo a praia atópase cheo de maleza o igual que as escaleiras.

- \* A varanda está solta.

- \* Carece de duchas, de panel informativo, sinalización da mesma, baños públicos e a única papeleira que hai está rota e oxidada.

Achegamos 4 fotos.

#### **H) PRAIA DA CARABUXEIRA:**

Como o seu nome indica situada no lugar da Carabuxeira en Sanxenxo, esta praia é unha das grandes perxudicadas pola construción do Porto Deportivo de Sanxenxo, desde esta construción e debido o cambio de correntes das augas fixeron que fora desaparecendo a área da praia deixando o descuberto rochas e pedras.

- \* Carece de todos servizos como duchas, papeleiras, panel informativo, sinalización. Pero todo isto non vale de nada sen unha previa rexeneración da área que anos atrás formou esta praia.

Achegamos 3 fotografías.

#### **I) PRAIA DA PONTE:**

Situada tamén no lugar da Carabuxeira en Sanxenxo.

- \* Chama a atención atopar un cuarto sen porta debaixo das escaleiras que se utiliza para acumular basura en vez de habilitar uns baños públicos.

- \* Pódese apreciar gran cantidade de maleza e basura tanto no areal como na entrada.

- \* Nesta praia cruza un regato nunhas condicións lamentables.

- \* carece de todo servizo, como papeleiras, panel informativo, baños públicos, sinalización da mesma e duchas porque as que hai son tipo xardín.

Achegamos 4 fotografías.

#### **J) PRAIA DE LAVAPANOS:**

Situada no pleno centro de Sanxenxo, non parece ser do interese do equipo de goberno.

\* Non posúe ningún tipo de servizo, nin panel informativo, nin duchas, nin baños, nin papeleiras, nin sinalización da praia.

\* Falta un tramo de varanda e o acceso está roto.

Achegamos 2 fotografías.

#### **k) PRAIA DOS BARCOS:**

Esta praia está situada xunto o Porto Deportivo de Sanxenxo, coa construción do Porto e o cambio das correntes de auga provocou que pouco a pouco o mar fose roubando area a esta Praia e por consecuencia quedando sen uso.

\* Carece de paneis informativos, baños públicos, duchas e sinalización da mesma.

Achegamos 2 fotografías

#### **L) PRAIA DA PANADEIRA:**

Situada en pleno Sanxenxo chama a atención a falla de interese que o Concello ten por esta praia, como mostra delo son os continuos desprendementos dun edificio construído debaixo dunha praza publica sobre as proximidades do areal.

\* Diferentes varandas dos accesos a este areal atópanse en mal estado, rotas, oxidadas ou soltas.

\* O acceso dende o parque está cheo de maleza e cun firme moi deteriorado.

\* Carece de sinalización da mesma, de baños públicos, de panel informativo e de papeleiras.

\* A fonte que está xunto ás escaleiras non ten cartel de potabilidade, só unhas pintadas, o certo é que non ten nin auga.

\* A zona do paseo está chea de maleza que en lugares chega ata cubrir os bancos que alí se sitúan.

Achegamos 6 fotografías.

#### **M) PRAIA DE SILGAR E PORTO DEPORTIVO JUAN CARLOS I:**

##### **Praia de Silgar:**

Situada no corazón de Sanxenxo, esta praia atópase nunhas boas condicións, din que nai non hai máis que unha e nótase que esta e nai de todas as nosas praias, pero é unha pena que o resto non se lle preste a mesma atención que a esta.

Achegamos 1 fotografía.

##### **Porto Deportivo Juan Carlos I:**

Parece que atrás quedaron as grandes inauguracións, as visitas Reais, os puntos de partida, as voltas o mundo...hoxe só queda un porto cheo de pintadas, onde as paredes agrietan e caen, ás xardineiras están sen acondicionar é unha gran praza que pasou de acoller os grandes de música a construción dun campo de Golf, onde xa se asoman máis dun desperfecto e as pombas aproveitan para pasares o día.

Achegamos 10 fotografías.

#### **N) PRAIA DE BALTAR:**

Situada entre os lugares de Baltar e Portonovo, na Parroquia de Adina.

\* As pasarelas de madeira para acceder a praia están bastante deterioradas e cubertas de area.

\* Os baños públicos situados no paseo dan unha mala imaxe xa que están cheos de pintadas.

\* Falta a fonte que estaba na entrada do paseo pola parte de Portonovo.

\* Algún dos tramos do valado de madeira que protexe as dunas están rotos.

\* As duchas atópanse rotas e con pintadas.

Achegamos 6 fotografías.

#### **O) PRAIA DE CANELIÑAS:**

Situada no pleno centro de Portonovo, na parroquia da Adina. O mais chamativo atopámolo no paseo da praia onde son numerosas as pintadas que alí podemos descubrir e tamén a falla dunha farola rota.

\* Esta praia carece de panel informativo, baños públicos e de señalización da mesma.

Achegamos 3 fotografías.

#### **P) PRAIA DE CANELAS:**

Situada no lugar de Canelas, na parroquia de Adina.

\* As riadas de auga que cando chove baixan pola estrada e entran polo acceso principal da praia provocaron grandes destrozos tanto na entrada como no areal.

\* O aparcamento mostra un aspecto lamentable cheo de baches e socavóns.

\* Os accesos atópanse en malas condicións.

\* A señalización da praia na estrada principal está nun lugar de difícil visibilidade.

\* Tanto o valado de madeira como o de corda están rotos ou tirados.

\* Acumulación de lixo tanto no areal como no aparcamento.

\* Carece de panel informativo e de papeleiras.

\* Pintadas nas chapas que protexen os baños públicos.

Achegamos 7 fotografías.

#### **Q) PRAIA DE PAXARIÑAS:**

Situada no lugar de Paxariñas, na Adina.

\* Díficil acceso para persoas con algún tipo de dificultade de mobilidade ou

para nenos que usen cadeiras.

- \* A pesares de haber conexión de auga carece de servizo de duchas.
- \* Gran cantidade de basura sobre o areal e tamén nas escaleiras de acceso.
- \* Carece de panel informativo, de baños públicos e papeleiras.

Achegamos 4 fotografías.

### **R) PRAIA DE MONTALVO:**

Situada no lugar de Montalvo na parroquia de Adina.

Conta con dúas entradas principais sinaladas na estrada como tales. A primeira "en fronte o Hotel Montalvo" a que todos coñecen como principal, mostra un deterioro considerable, en sitios o firme xa nin existe, numerosos baches, os laterais rotos, o valado que delimita a entrada por ámbolos dous lados por sitios está roto e por sitios xa non está. A segunda entrada "dirección Lanzada" é unha pista de terra sen acondicionar, que por tramos case non se pode circular e o final hai un carreiro que conduce a praia, sen pasarela nin nada.

\* As rampas que baixan a praia unha delas está cuberta nalgún tramo por area, pero a outra está totalmente inutilizada xa que se atopa debaixo dun metro de area.

- \* O río contén lixo e maleza.
- \* Falla de mantemento do parque.
- \* Apreciase lixo en varios puntos da praia o igual que no merendeiro.

Achegamos 14 fotos.

### **S) PRAIA DE BASCUAS:**

Situado no lugar de Bascuas, comprendida entre as Parroquias de Adina e de Noalla.

\* A primeira imaxe que reciben veciños e turistas que deciden disfrutar deste areal é impactante, xa que a estrada que da servizo a esta praia parece un camiño dun monte, con baches, presas que cruzan dunha beirarrúa a outra, asfalto irregular e cheo de cortes e gretas.

\* O aparcamento está cheo de socavóns que cando chove fórmanse pozas e de grandes surcos provocados pola falla de recollida de pluviais da estrada.

- \* Hai ramas de poda na zona do aparcamento.
- \* A rampa de acceso a praia cada vez que sube a marea queda inutilizable.
- \* A varanda non chega o comezo das escaleiras e a de madeira está rota por tramos.
- \* Carece de baños públicos e de duchas.

Achegamos 9 fotografías.

#### **T) PRAIA DE PRAGUEIRA:**

Situada no lugar de Pragueira, na parroquia de Noalla. Este areal comunica ca Praia de Major.

\* A pesares de haber señalización da praia na estrada hai outras señais en pésimo estado.

\* A estrada de acceso o areal atópase nunhas condicións lamentables, chea de maleza, firme destrozado, socavóns...algo que se acentúa nos accesos secundarios.

\* Carece de duchas, quen se queira duchar ten recorrer a praia ata a parte de Major.

\* O aparcamento está sen acondicionar.

\* Pódese atopar lixo en diferentes puntos da praia.

\* A pasarela de madeira atópase medio no aire.

Achegamos 9 fotografías.

#### **U) PRAIA DE MAJOR:**

Situada no lugar de Major, comprendida na parroquia de Noalla. Vamos a dividir este reportaxe en tres partes, a praia, o merendeiro da carretera e a zona do río.

##### **Praia de Major:**

\* O acceso o areal é impropio dunha praia con bandeira azul.

\* Os aparcamentos son lamentables e máis en especial os dos minusválidos.

\* As pasarelas de madeira atópanse en moitos dos tramos solapadas pola area.

\* Pódese atopar diferentes puntos de lixo na praia.

\* O valado de cordas que protexe as dunas encontrase sumerxido na area.

Achegamos 6 fotografías.

##### **Merendeiro da estrada xeral:**

\* Toda a varanda que está por riba do muro que da contra a praia está rota ou solta, co perigo que eso conleva.

\* Hai varias árbores que se cortaron e se deixaron alí.

\* Os asadeiros están cheos de lixo.

Achegamos 3 fotografías.

##### **Sendero fluvial:**

A pesares de ser de recente construción a principal imaxe é a de abandono;

\* Merendeiro cuberto pola herba.

\* Un río cheo de maleza e de basura.



- \* Árbores e sinais tiradas.
- \* Zonas verdes cheas de lixo.
- \* Camiños que xa non se distinguen entre o medio natural.

Achegamos 12 fotografías.

#### **V) PRAIA DE FONTENLA:**

Situada no lugar de Fontenla, na parroquia de Noalla, descoñecemos se o Concello ten constancia da existencia de este areal visto no estado no que se atopa.

\* Carece de todo tipo de acceso, faise a través dun matorral de canas por un camiño de terra que se atopa todo enlamado polas augas que baixan sen recoller.

\* A cantidade de lixo que alí se pode ver e incalculable o igual que as algas que hai sobre o areal e non se preocupan de recoller.

\* Gran acumulación de pedras.

\* Os matorrales de canas xa ocupan parte do areal.

\* Carece de todo servizo, non ten panel informativo, duchas, baños, papeleiras, nin sinalización da mesma.

Achegamos 8 fotografías.

#### **W) PRAIA DE FOXOS:**

Situada entre o lugar de Foxos e a Capela da Lanzada, na parroquia de Noalla.

\* O aparcamento atópase cheo de baches e gretas que dificultan o seu paso.

\* A saída de augas da estrada xeral e da beira da arriba da Lanzada verte directamente sobre o aparcamento, que a súa vez son conducidas ata a praia o que están a producir grandes desprendementos de area, que poñen en perigo a estabilidade das instalacións que se ubican na parte superior como baños e kiosko.

\*O valado do aparcamento e da zona verde atópase roto ou por tramos falta.

\* Hai lixo en diferentes puntos da praia.

\* Para acceder ás duchas hai que facelo mediante unhas escaleiras de madeira o que limita o acceso a persoas con dificultade de mobilidade. Tamén estas duchas perden constantemente auga.

\* A única papeleira que existe na praia sitúase na entrada dunha propiedade privada en vez de estar nos accesos o areal.

\* Carece de sinalización da mesma na estrada ou arredores.

Achegamos 14 fotografías.

#### **X) PRAIA DA NOSA SEÑORA DA LANZADA:**

Situada ao carón da Capela da Lanzada, na parroquia de Noalla.

\* O acceso de escaleiras é bastante perigoso o igual que outra baixada de a pé que non conta con ningunha protección e aínda que normalmente é usado pola xente do mar pois pode pasar calquera persoa có risco que iso conleva.

\* Todo o acceso e aparcamento que leva a esta praia non é outro que o da Capela da Lanzada pois atópanse cheos de baches e socavóns.

\* Carece de servizos tales como baños públicos, duchas ou a propia sinalización da mesma na entrada do acceso.

Achegamos 6 fotografías.

### **Z) PRAIA DE AREAS GORDAS:**

Situada no lugar da Lanzada, na parroquia de Noalla.

\* O acceso principal está en pésimas condicións, por tramos é practicamente intransitable.

\* Ás escaleiras entrañan un risco considerable xa que a maioría están soltas e rotas e a parte carecen de ningunha medida de seguridade.

\* A beirarúa da estrada xeral que se usa como aparcamento atópase casi desfeita.

\* Hai pintadas nos baños públicos.

\* Varios puntos da praia presentan maleza e lixo.

\* As recollidas de pluviais da estrada xeral rematan no areal.

\* Unha caseta de corrente eléctrica con escasa ou nula protección.

\* Nefasta instalación eléctrica que atravesa a praia con postes rotos, suxeitados unicamente polos cables de corrente, e que en calquera momento poden cair.

\* Carece de sinalización da mesma, de panel informativo e de papeleiras.

Achegamos 9 fotografías.

### **ZZ PRAIA DA LAPA:**

Situada no lugar da Lanzada, na parroquia de Noalla.

\* Aparcamento deteriorado con baches e socavóns.

\* Existen varios puntos de lixo no areal.

\* A pasarela da entrada está solta e o acceso atópase en bastante mal estado.

\* O cerrado de corda está roto.

\* Carece de baños públicos, papeleiras e de sinalización da mesma.

Achegamos 6 fotografías.

### **ZZZ PRAIA DO ESPÍÑEIRO-LANZADA:**

Situada no lugar da Lanzada, na parroquia de Noalla, comparte areal coa praia

da Lanzada que xestiona o Concello de O Grove, só fan falla andar 5 metros para ver a gran diferenca do estado no que se atopa unha e no que se atopa outra.

\* O acceso que o Concello de Sanxenxo ten como principal da máis servizo a praia da Lanzada que a propia do Espiñeiro, deixando sen arranxar o acceso desta. Este acceso principal atópase totalmente inutilizado debido a que quedou destruído pola forza do mar, algun normal se non fose que apenas 5 metros atopamos un acceso do Concello do Grove en perfectas condicións.

\* Muros da praia que o mar destruíu e poñen en perigo a estabilidade do kiosko, do posto de vixilancia e mesmo das duchas.

\* Sistema de recollida de augas en pleno acceso a praia sen tapar.

\* Varias saídas de augas directas a praia.

\* Instalación eléctrica precaria, con caixas abertas, postos rotos e outros a piques de romper, a espera de que ocorra unha desgraza.

\* Árbores caídos e zonas verdes descoidadas.

\* A parte superior dos muros da praia non teñen ningún valado que protexa de posibles caídas.

\* Varios puntos de lixo na praia.

\* Carece de panel informativo e de sinalización da mesma.

Achegamos 12 fotografías.”””””

O **Sr. Buezas Méndez**, xustificou a urxencia pola necesidade de que as praias estean nas mellores condicións posibles ante a chegada da Semana Santa.

A continuación a **Sra. Presidenta** someteu a **votación a declaración da urxencia da moción, que foi aprobada por unanimidade.**

O **Sr. Buezas Méndez**, á parte do indicado na moción sinalou que un concello de características turísticas como este ten que dar outra imaxe que a plasmada no texto e nas fotografías que acompañan a esta moción.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, sinalou que cando teñen que estar en condicións as praias é no período estival, non en decembro nin en xaneiro, posto que o arranxo efectivo só faise con cartos e cando se traen aos peóns necesarios para facer o traballo, non sendo posible realizalo todo o ano, recordando que, con motivo da concesión de bandeiras azuis, este concello foi felicitado polo estado das praias.

O **Sr. Buezas Méndez** indicou que fai dous anos as praias estaban igual que agora, faltando organización e planificación e recordando ao **Sr. Rodríguez Lorenzo** que fai dous anos votou a favor dunha moción similar a esta.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo** aludiu a que non estaba no certo o **Sr. Buezas Méndez** ao

decir que estaban as praias igual que fai dous anos, cando en verán estaban perfectamente arranxadas, á parte de que o anterior interviniente tampouco coñecía de quen eran determinadas estradas e a quen lle correspondía actuar, todo elo independentemente da dificultade de realizar actuacións en inverno polas inclemencias do tempo.

A **Sra. Alcaldesa** indicou que votarían en contra e que o goberno municipal era o primeiro interesado en que as praias estivesen ben no verán e así facíase, como o demostraba a cantidade de bandeiras azuis que tiñan os arenais deste concello..

Rematado o debate a **Sra. Presidenta** someteu a **moción a votación**, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a **favor: 8** (**Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, Grupo municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**).

Votos en **contra: 9** (**Grupo municipal do Partido Popular e Grupo Municipal Mixto**)

Votos pola **Abstención: 0**.

En consecuencia non resultou aprobada a moción anteriormente transcrita.-----

**8º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO PARA A APROBACIÓN DA CONSTITUCIÓN DUNHA COMISIÓN, PARA O ESTUDO, VALORACIÓN E CONCLUSIÓNS PARA O SEU POSTERIOR DEBATE E APROBACIÓN SE PROCEDE POLO PLENO DO CONCELLO DE SANXENXO EN MATERIA URBANÍSTICA DENDE A APROBACIÓN DO PXOM ATA A ACTUALIDADE, NA QUE FORMEN PARTE DA MESMA A ALCALDESA DE SANXENXO, O XERENTE DE URBANISMO, CONCELLEIRA DE URBANISMO, A SECRETARÍA XERAL DO CONCELLO, A INTERVENCIÓN XERAL DO CONCELLO E UN MEMBRO DOS RESTANTES GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS. O Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, xustificou a urxencia polo feito de que no pleno anterior se rexeitou a constitución dunha comisión por motivos formais que non o convenceron, polo que corrixidos estes, se presenta unha moción co mesmo obxectivo.**

A **Sra. Alcaldesa** indicou que votaría en contra da urxencia recordando que no pleno anterior, por parte de varios grupos da oposición, indicouse que, se non se aprobaba a moción, iríase á fiscalía a denunciar, algo co que a interviniente está plenamente de acordo para delimitar a responsabilidade de cada un, non valendo a estes efectos a creación dunha comisión.

A continuación a **Sra. Presidenta** someteu a votación a declaración da urxencia da moción, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a **favor: 8** (**Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal,**

**Grupo municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego).**

**Votos en contra: 9 (Grupo municipal do Partido Popular e Grupo Municipal Mixto)**

**Votos pola Abstención: 0.**

En consecuencia non resultou aprobada a declaración da urxencia desta moción.-----

## **ROGOS:**

**1º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL SANXENXO AGRUPACIÓN LIBERAL DO 25 DE XANEIRO DE 2012 (R. DE ENTRADA NÚM. 402).** Polo voceiro do Grupo Municipal Sanxenxo Agrupación Liberal, Sr. Gonzalo Pita, deuse lectura ao escrito que literalmente se transcribe:

“”””D. Gonzalo Gonzalo Pita, portavoz de SANXENXO AGRUPACIÓN LIBERAL (S.A.L.) al amparo de lo establecido en el art. 97 del Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales, RUEGA:

Por su bajo coste y alta peligrosidad y responsabilidad por parte del Concello rogamus se coloquen protección acolchada en el perímetro de los banquillos de los campos de fútbol de hierba sintética del Concello.””””-----

**2º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO DO 19 DE XANEIRO DE 2012 (R. DE ENTRADA NÚM. 281).** Polo concelleiro do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, Sr. Buezas Méndez, deuse lectura ao escrito que literalmente se transcribe:

“”””**ROGO** que formula **Dona Dulcinea Aguín Pombo**, voceira do PSdeGPSOE no Concello de Sanxenxo, ó abeiro do disposto no artigo 97.6 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, en relación co art. 56.2 da Lei de Bases de Réximen Local.

Por parte do Concello de Sanxenxo requírese a moitos veciños deste Concello para que procedan a limpeza das súas fincas para manter unha boa imaxe do Concello.

A maior parte dos solos urbanizables sin desenrolar deste Concello están cheos de maleza, son auténticos vertedeiros e ademais algúns non garante a seguridade para as persoas que transiten por eles. Consideramos que estes solos teñen que estar limpos e velar pola imaxe deste Concello. Adxuntamos fotografías dalgúns dos mencionados solos.

**ROGO:** Que por parte desta Alcaldía se fagan tódolos trámites necesarios para subsanar as mencionadas deficiencias e se requira aos propietarios dos mesmos para que procedan a limpeza dos mesmos. (Achegamos 3 fotografías)””””-----

**3º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO DO 30 DE XANEIRO DE 2012 (R. DE ENTRADA NÚM. 480).** Pola concelleira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, Sra. Rodríguez Maneiro, deuse lectura ao escrito que literalmente se transcribe:

“”””**ROGO** que formula **Dna Dulcinea Aguín Pombo**, voceira do Psde G-PSOE do Concello de Sanxenxo, ó abeiro do disposto no artigo 97/6 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locais, en relación co art. 56.2 da Lei de Bases de Réximen Local.

O parque infantil situado na Carballeira de Noalla, atópase con graves deficiencias:

1º Todos los xogos infantís están rotos.

2º O valado do marxe dereito carece de medidas de seguridade debido a escasa altura do mesmo.

3º O tendido eléctrico está a moi baixa altura cos graves riscos que eso conleva, ademais de incumprimento da normativa vixente. Adxuntamos fotografías.

**ROGO:** Que por parte desta Alcaldía que se adopten as medidas de seguridade e o arranxo ou substitución dos elementos rotos e deteriorados na maior brevidade posible para evitar riscos os usuarios do parque. (Achegamos 2 fotografías) “”””-----

**4º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO.** Polo concelleiro do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, Sr. Buezas Méndez, deuse lectura ao escrito que literalmente se transcribe:

“”””**ROGO** que formula **Dna Dulcinea Aguín Pombo**, voceira do Psde G-PSOE do Concello de Sanxenxo, ó abeiro do disposto no artigo 97/6 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locais, en relación co art. 56.2 da Lei de Bases de Réximen Local.

Os veciños que transitan pola estrada dende Dena, Dadín a Vichona quéixanse da perigosidade da saída a estrada PO.504 Vilalonga, Sanxenxo, debido a súa inexistente visibilidade debido o aparcamento existente o Mesón Parladoiro. Unha solución sería unha prolongación da acera existente impedindo o aparcamento de vehículos e garantindo a seguridade dos vehículos e viandantes.

**ROGO:** que por parte desta Alcaldía se fagan todos los trámites necesarios para subsanar as mencionadas deficiencias e se requira aos propietarios dos mesmos para que proceden a limpeza dos mesmos.””””-----

## **PREGUNTAS:**

**1º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL SANXENXO AGRUPACIÓN LIBERAL DO 25 DE XANEIRO DE 2012 (R. DE ENTRADA NÚM. 403).** Polo voceiro do

**Grupo Municipal Sanxenxo Agrupación Liberal, Sr. Gonzalo Pita,** deuse lectura ao escrito que literalmente se transcribe:

“”””D. Gonzalo Gonzalo Pita, concejal del Grupo Municipal SANXENXO AGRUPACIÓN LIBERAL (S.A.L.) al amparo de lo establecido en el art. 97 del Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales, formula, para su contestación en su próximo Pleno Ordinario, la siguiente pregunta:

Después del perjudicial balance económico del ejercicio 2010 y del ejercicio 2011 de la Xerencia de urbanismo, ¿le parece a usted normal la reacción más que tardía de reajustar los gastos de la xerencia y aparte de las medidas anunciadas, tiene uds pensado tomar alguna otra para subsanar estos balances?””””

**A Sra. Deza Martínez, voceira do Grupo municipal do Partido Popular,** contestou que se está a levar a cabo a reestruturación da Xerencia coa toma de decisións sobre a situación do persoal e o horario de traballo. Así mesmo obtívose unha rebaixa do 30% do custo de aluguer do local onde se sitúa este organismo. Finalmente indicou que coas medidas de redución de persoal e do gasto de aluguer se conseguirá un aforro, supoñendo que dado o texto da pregunta o interpelante estará de acordo con elas.

**O Sr. Gonzalo Pita** sinalou que facía unha pregunta e non tiña porque estar de acordo coa resposta.-----

**2º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL SANXENXO AGRUPACIÓN LIBERAL DO 25 DE XANEIRO DE 2012 (R. DE ENTRADA NÚM. 404).** Polo **voceiro do Grupo Municipal Sanxenxo Agrupación Liberal, Sr. Gonzalo Pita,** deuse lectura ao escrito que literalmente se transcribe:

“”””D. Gonzalo Gonzalo Pita, concejal del Grupo Municipal SANXENXO AGRUPACIÓN LIBERAL (S.A.L.) al amparo de lo establecido en el art. 97 del Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales, formula, para su contestación en su próximo Pleno Ordinario, la siguiente pregunta:

En Emilia Pardo Bazán existen máquinas expendedoras para dar servicio, sin embargo no existen en el multiusos de Portonovo,

¿Cuáles son los motivos o bajo que criterio se sacan a concurso en las casas de cultura de Adigna y Dorrón la concesión del servicio de cafetería provocando estas diferencias entre parroquias?””””

**A Sra. Deza Martínez, voceira do Grupo municipal do Partido Popular,** contestou que no multiusos de Portonovo hai cafeterías próximas que prestan o servizo e tampouco houbo solicitudes para colocar máquinas expendedoras, o que non sucede en Emilia Pardo Bazán. Polo que respecta aos dous centros culturais nos seus proxectos xa se prevía a ubicación neles dunha cafetería.-----

**3º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL SANXENXO AGRUPACIÓN LIBERAL DO 25 DE XANEIRO DE 2012 (R. DE ENTRADA NÚM. 401).** Polo **voceiro do Grupo Municipal Sanxenxo Agrupación Liberal, Sr. Gonzalo Pita,** deuse lectura ao escrito que literalmente se transcribe:

“”””D. Gonzalo Gonzalo Pita, concejal del Grupo Municipal SANXENXO AGRUPACIÓN LIBERAL (S.A.L.) al amparo de lo establecido en el art. 97 del Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales, formula, para su contestación en su próximo Pleno Ordinario, la siguiente pregunta:

¿Cómo tiene usted pensado abonar los 1.3 millones de euros que según usted se le deben a la empresa URBASER? ”””””.

**O Sr. Guisasola Padín, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular** contestou que se pagaría como se estivo a facer nos últimos dez anos e a través dun plan de dispoñibilidade de tesoureiría, abonándose o cen por cento se se verifica o cumprimento do contrato finalizado e a devolución do material cedido.-----

**4º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO DO 19 DE XANEIRO DE 2012 (R. DE ENTRADA NÚM. 279).** Pola voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, Sra. Aguíñ Pombo, deuse lectura ao escrito que literalmente se transcribe:

“”””Dona Dulcinea Aguíñ Pombo, voceira do PSdeGPSOE no Concello de Sanxenxo, ó abeiro do disposto no artigo 97.7 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formula a seguinte **PREGUNTA**

A raíz das novas leídas nos medios de comunicación sobre supostas acusacións de índole moi grave a anterior Directora do Centro de Día por parte da actual empresa concesionaria da explotación do Centro de Día, sobre admisión de usuarios privados de outros Concellos así coma apropiación indebida dos pagos mensuais feitos por parte dos usuarios privados.

Ante as declaracións cruzadas realizadas por parte do goberno local e polo responsable da concesionaria na que este último desminte as declaracións feitas polo goberno local, demostran que un dos dous falla a verdade.

1. ¿Dende que data é coñecedora das supostas irregularidades no funcionamento do Centro de Día? ¿Fíxolle chegar a empresa concesionaria as supostas irregularidades detectadas durante o mes de Xullo pasado e o mes de Setembro tal como manifesta nos medios de comunicación?

2. ¿Que actuacións leva a cabo o actual goberno local para esclarecer as graves acusacións sobre a exdirectora do centro de día que teñan como finalidade esclarecer a verdade? ”””””

**A Sra. Alcaldesa** contestou que dende o nove de setembro coñeceu que existían prazas privadas que non pasaron pola comisión de valoración, o concesionario votou a responsabilidade a unha empregada e, como a explicación non pareceu suficiente, pedíronse novos informes ao contratista e se están a revisar as facturas emitidas, en todo caso, non se vai permitir que se siga actuando deste xeito.-----

**5º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO DO 11 DE XANEIRO DE 2012 (R. DE ENTRADA NÚM. 148).** Polo concelleiro do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, Sr. Buezas Méndez, deuse lectura ao escrito que literalmente se transcribe:



“””””Dona Dulcinea Aguín Pombo, voceira do PSdeGPSOE no Concello de Sanxenxo, ó abeiro do disposto no artigo 97.7 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formula a seguinte **PREGUNTA**

Dende o ano 2008 que o Concello de Sanxenxo firmou o convenio urbanístico cos propietarios do PERI Nº 5 esixindo a monetarización da exención do 10% do aproveitamento urbanístico que lle corresponde o Concello de Sanxenxo por importe de 539.631,31 € e ata o día de hoxe non se procedeu ao pago do mesmo e polo tanto as arcas municipais sen percibir os ingresos mencionados.

En máis dunha ocasión por parte da Intervención Xeral do Concello de Sanxenxo procedeuse a informar na Conta Xeral a falla de pago do mesmo.

Durante tres anos non se fixo nin un só requerimento solicitando o pago do mesmo os propietarios.

Dende fai uns meses que o PsdeG-PSOE de Sanxenxo solicitou ver o expediente do mesmo e a súa vez solicitou unha copia da xustificación do pago do mesmo, despois da importante demora de entrega da documentación, fixéronnos entrega da mesma o pasado 2 de Decembro e por casualidades da vida poidemos comprobar que despois de tres anos se lle requiriu por primeira vez os propietarios o pago do mesmo.

1º ¿Pode decirnos cales son as razóns polas que o Concello de Sanxenxo non lle requiriu o pago do convenio urbanístico do PERI Nº 5 durante 3 anos a pesares de ser en máis unha ocasión advertido por parte da Intervención Xeral do Concello?.

2º ¿Pode decirnos despois do requerimento feito dende o día 21 de Novembro por parte da Xerencia de Urbanismo se houbo algún tipo de resposta polos propietarios ou xa se procedeu o pago da cantidade pendente?

3º ¿Pode decirnos canto prazo se lles concedeu aos propietarios para que procedan o pago do mesmo e en caso de non facelo qué medidas legais ten previstas levar a cabo o Concello de Sanxenxo?.”””””

**A Sra. Deza Martínez, voceira do Grupo municipal do Partido Popular**, contestou que o PERI nº 5 non se está a desenvolver nin ten perspectivas de que nun futuro próximo se execute, engadindo que se requiriu o aboamento da cantidade citada na pregunta e deuse o prazo dun mes, estando a actuación futura neste asunto en mans da asesoría xurídica da Xerencia.-----

**6º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO DO 19 DE XANEIRO DE 2012 (R. DE ENTRADA NÚM. 280).** Polo concelleiro do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, Sr. Buezas Méndez, deuse lectura ao escrito que literalmente se transcribe:

“””””Dona Dulcinea Aguín Pombo, voceira do PSdeGPSOE no Concello de Sanxenxo, ó abeiro do disposto no artigo 97.7 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formula a seguinte **PREGUNTA**

No mes de Setembro este goberno presentou un Plan de Aforro Municipal 2011-2015 no que se indicaba que contiña un estudo de cada concellalía, aforro de custos externos, así como aforro de gastos de alquileres e naves.

¿Pode indicarnos ata a data de hoxe qué medidas tomaron para executar o mencionado Plan e que aforro lle supón a día de hoxe as arcas municipais?''''''

**O Sr. Guisasola Padín, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular, contestou dando lectura ao seguinte escrito:**

''''''Medidas tomadas para executar el plan de ahorro.

1.- Medida sobre ahorro en locales. Tras haber realizado un estudio de los diferentes arrendamientos suscritos por el Concello, se resolvieron los contratos de dos locales, que afectaron a la delegación de la Concejalía de Medio Ambiente y a la Asociación de Vecinos de Villalonga, trasladándose la primeira al antiguo Centro de Salud y el segundo a la Cultural de Villalonga.

Asimismo, tras el examen de mercado se redujeron los costes de los diferentes arrendamientos que continuaron en vigor, lo que ha supuesto un ahorro para las arcas municipales del 30%.

2.- Eliminación del transporte municipal urbano (ahorro del 100%).

3.- Subvenciones anuales para los hijos menores de tres años. Ayuda que se estaba duplicando al ya existir subvenciones autonómicas de la misma naturaleza (ahorro del 100%).

4.- Subvenciones asociaciones que celebren fiestas gastronómicas. Al entender que dichas fiestas suponían una forma de autofinanciación (cobran por todos los servicios) y que deben ser, por lo tanto, las propias asociaciones quienes sufraguen todos los gastos que supongan dichas celebraciones. Sobre todo elementos como carpas y gradas (ahorro del 100%).

5.- Nuevas licitaciones:

a) Contrato mantenimiento piscina. Supuso un ahorro del 28%, y ello sin que suponga una reducción en el servicio prestado hasta el momento.

b) Contrato alumbrado navideño. Manteniendo las mismas características que años anteriores, se obtuvo un ahorro de un 18%.

6.- Concellería de Cultura. Desde la Concellería de Cultura se está realizando un examen para la optimización de los recursos destinados a esta delegación. Con las medidas que se pretenden implantar, se quiere alcanzar una reducción del 35% sobre los presupuestos, incidiendo en programas de fiestas y actividades culturales, sin que esto suponga una pérdida de la identidad en la cultura de nuestro pueblo.

Ejemplos: magosto, carnavais, fiestas patronales, etc.

7.- Amortización puestos de trabajo. Se ha tomado la decisión de amortizar las jubilaciones, lo que supondrá un importante ahorro. Asimismo, se está realizando el examen de los recursos destinados a la partida de personal de toda la entidad local debido a la creciente reducción del volumen de trabajo, habiéndose tomado la determinación de reducir a los efectivos, iniciando dicho recorte en la Gerencia de Urbanismo. Esta es, como podrán entender, una de las medidas más duras que tendrá que llevar a cabo este gobierno (ahorro del 40%).

8.- Contrato limpieza. Se está estudiando la propuesta presentada por la empresa que tiene adjudicado el contrato de limpieza, que afecta a los servicios prestados en

los edificios y centros municipales, dicha propuesta nos supone de inicio un ahorro de un 11%, pero por supuesto, estamos negociando un ajuste mayor.

9.- Se están estudiando todos los contratos en vigor suscritos por el Concello. Examen que determinará cuales serán reducciones o las medidas de ajuste que debamos tomar (contratos leasing, Monbus....).

10.- Ahorro energético. Estudio plan ahorro energético que es muy complejo y que afectará al alumbrado público, a la piscina municipal, a los edificios y a Nauta. """"-----

**7º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO DO 27 DE XANEIRO DE 2012 (R. DE ENTRADA NÚM. 440).** Polo **concelleiro do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, Sr. Buezas Méndez**, deuse lectura ao escrito que literalmente se transcribe:

""""Dona Dulcinea Aguín Pombo, voceira do PsdeG-PSOE no Concello de Sanxenxo ó abeiro do disposto no artigo 97.7 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formula a seguinte **PREGUNTA:**

Pódenos decir a qué cantidade ascenden os custos de mantemento das Casas de Cultura de Dorrón e de Adina dende a súa inauguración ata o 31 de Decembro de 2011. """"

**A Sra. Alcaldesa** contestou que neste momento non ten os datos e os facilitará por escrito, en todo caso, neste momento serán os relativos ao consumo eléctrico e auga.---

**8º) O Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, ante as dificultades que están a suceder no Centro de Día preguntou se podía irse á suspensión do servizo ou a xestión directa polo concello, contestando a **Sra. Alcaldesa** que mentres non se acabe o contrato, son posibles todas as opcións.-----

**9º) O Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, respecto da escola infantil de Vilalonga e dado que a Xunta de Galicia optou definitivamente pola concesión administrativa como método de xestión deste tipo de instalacións, preguntou se o concello ía tamén a ir por esta vía, contestando a **Sra. Alcaldesa** que se están estudando as diversas posibilidades. **O Sr. Otero Domínguez** preguntou se se estaba a cambiar o criterio respecto do que segue a Consellería, contestando a **Sra. Alcaldesa** que non cambia ningún criterio, tan só están estudando todas as posibilidades.-----

E, non habendo máis asuntos dos que tratar, a presidencia da por rematada a sesión sendo as vinte e dúas horas e cuarenta minutos, de todo o que, eu **Secretario, dou fe:**